

UN BO TRATO?

!FAGAMOS

Infórmate sobre os teus dereitos e recursos existentes na túa comarca. Fala con persoas da túa confianza ou con profesionais no teléfono:

900 400 273

Teléfonos de interese:

| | | |
|---|--|-------------|
| Atención ás Mulleres | Atención as 24 horas. Información e asesoramento. Anónimo e confidencial. | 900 400 273 |
| Atención contra o maltrato | Absoluta confidencialidade. Non se rexistra nin na marcaxe nin na factura do teléfono. Asesoramento e información. | 016 |
| Garda Civil | | 062 |
| Policía Local | | 092 |
| Policía Nacional | | 091 |
| Bombeiros | | 080 |
| Emerxencias | | 112 |
| Urxencias | | 061 |
| Emerxencias para discapacitadas autidivas | | 900 116 016 |

DENUNCIA OS MALOS TRATOS

A violencia masculina contra as mulleres alcanzou unha magnitude inaceptable. Milleiros de mulleres maltratadas e decenas de mulleres mortas repítense anualmente, o que supón un ataque intolerable ós dereitos humanos e ás liberdades democráticas do noso país. É preciso que toda a sociedade participe activamente no cambio. É necesario que non calemos, que nos fagamos responsables e que esta situación non se perpetúe.

Que son os malos tratos?

Calquera acto de agresión que recibe a muller por parte do seu marido, parella ou familiar, que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico, incluíndo as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto se se produce na vida pública como na privada.

UNHA DE CADA TRES MULLERES PADECE A VIOLENCIA MACHISTA



Por ti, por tod@s: DENÚNCIAO!

► O dato: segundo un informe da ONU feito público por Amnistía Internacional, unha de cada tres mulleres no mundo foi golpeada, sufriu abusos, ou foi obrigada a manter relacións sexuais algunha vez ao longo da súa vida.

Que comportamentos podes considerar malos tratos?

- Intenta controlar o que fas e con quen vas.
- Critica a túa forma de vestir.
- Non respecta a túa opinión intentando impoñerche a súa.
- Obrígate a ter relacións sexuais cando non queres.
- Monta escándalos en público ou en privado polo que dixeches ou como actuaches.
- A súa forma é violenta.
- Sofres chantaxe emocional.
- Decide pola súa conta e decide por ti.
- Controla as túas amizades e sente celos e envexa das mesmas.
- Provoca deliberadamente discusións violentas onde te insulta ou che falta ó respecto
- Sofres empuxóns, golpes ou ameazou con facelo.

Consecuencias

- A túa integridade física está en perigo.
- O teu estado emocional e psicolóxico pode verse gravemente alterado: medo, tensión, crises de ansiedade, depresión, desmotivación...
- Os teus fillos e fillas corren o perigo de sufrir graves secuelas: trastornos de conducta, de saúde e de aprendizaxe. É probable que reproduzan os comportamentos violentos ou victimistas.

GAÑAS TI, TOD@S GAÑAMOS